

A CARTA DE PRESENTACIÓN

1.- QUE É UNHA CARTA DE PRESENTACIÓN?

É unha carta que acompaña ao Currículum vitae e que serve como tarxeta de visita, nela dámonos a coñecer á empresa e solicitamos unha entrevista de traballo.

2.- OBXECTIVOS

- Captar a atención. Qué lean con atención o noso currículo.
- Que saiban o que sabemos facer e o que podemos ofrecer
- Expoñer o noso desexo de manter unha entrevista de traballo e participar nas probas selectivas.

3.- TIPOS DE CARTA

- De resposta a unha oferta ou anuncio de traballo.

É a carta que acompaña sempre ao vitae vitae en contestación a unha oferta publicada. Debe aludir necesariamente ao anuncio, sinalando a súa referencia e o medio no que o atopaches. Explica por qué é interesante a túa candidatura.

- **De autocandidatura ou candidatura espontánea.**

É a carta que envías cun Curriculum de maneira espontánea, aínda que na empresa non exista unha oferta concreta nin teña en marcha un proceso de selección. Nela fai constar o tipo de traballo que buscas e o motivo que te levou a dirixirte a ela. Explica o por que pode interesarlles a túa candidatura.

4.- CONSELLOS PARA A SÚA REDACCIÓN

- Debe presentarse nun folio Din A4 de boa calidade, escrita por unha soa cara e respectando as marxes
- Escríbea a ordenador, agás que a empresa solicite unha carta manuscrita.
- Enviar sempre orixinais.
- Debemos coidar a redacción, ortografía e presentación.

- Debe ser breve, concisa.
- Con data e sinatura
- Seremos precisos e utilizaremos unha linguaxe clara, cordial, positiva e respectuosa.
- Describiremos as nosas competencias e logros sen esaxerar. Non repitamos o que xa aparece no CV e remarcaremos os aspectos máis importantes.
- Diremos cousas positivas de nós, evitando referencias íntimas e problemas persoais.
- Gardaremos unha copia das cartas que enviamos para facilitar sucesivos contactos.
- É conveniente que a carta se dirixa a unha persoa concreta, para asegurarse que chega ao seu destino. Se non coñecemos o nome da persoa responsable do proceso de selección, enviarémola ao departamento de persoal.
- Redáctaa en función da empresa e do posto.
- Escríbea en primeira persoa.
- Non a grampes ao Curriculum.

MODELO DUNHA CARTA DE CONTESTACIÓN A UN ANUNCIO

REMITENTE:

Nome e apelidos

Enderezo

DESTINATARIO:

Nome da empresa

Enderezo

LUGAR E DATA

SAÚDO DE CORTESÍA

1º PARÁGRAFO: MOTIVO DA CARTA

Sinala o posto concreto ao que queres presentar o teu vitae.

Fai referencia a fonte onde obtiveches a información sobre o posto de

2º PARÁGRAFO: RESUMO DO TEU CURRÍCULO

Destaca aqueles aspectos, dos solicitados no anuncio, que reúnes para desempeñar o posto. así como a motivación e interese que tes pola

3º PARÁGRAFO: SOLICITUDE ENTREVISTA

Indica a túa dispoñibilidade e solicita ser incluído/a no proceso de selección

DESPEDIDA DE CORTESÍA

SINATURA

MODELO DUNHA CARTA DE AUTOCANDIDATURA

REMITENTE:

Nome e apelidos

Enderezo

DESTINATARIO:

Nome da empresa

Enderezo

LUGAR E DATA

SAÚDO DE CORTESÍA

1º PARÁGRAFO: MOTIVO DA CARTA

Explica o obxectivo da túa carta, porque envías o currículo e cal é o traballo

2º PARÁGRAFO: RESUMO DO TEU CURRÍCULO

Especifica tódalas características que reunes e que se adaptan á empresa ou área na que queres traballar. Amosa o coñecemento que tes da empresa a que

3º PARÁGRAFO: SOLICITUDE ENTREVISTA

Solicita unha entrevista para poder ampliar a información que detallas no

DESPEDIDA DE CORTESÍA

SINATURA

EXEMPLO DUNHA CARTA DE CONTESTACIÓN A UN ANUNCIO

Fernando Abad Castelo

Wenceslao Fernández Florez, 7 – 3º C

15660. Cambre. A Coruña

Maquinaria Industrial FC, S.L.

R/ Estanque, 6 -1º F

15008. A Coruña

A Coruña, 28 de maio de 2012

Estimado Sr. Gómez:

Adxunto lles envío o meu currículum con motivo do su anuncio publicado no "País" o 15 de marzo de 2011, no que solicitan un Representante de Ventas para a Delegación de A Coruña.

Considero que o meu perfil podería resultarlles interesante xa que cumplo todos os requisitos que vostedes demandan a os candidatos no su anuncio.

Ademais, como poderán ver no meu currículum, conto cunha ampla experiencia profesional no sector e teño coñecementos relacionados có campo que ofertan.

Sen outro particular, quedo a súa disposición para ampliar nunha entrevista tanta información considere oportuna.

Na espera das súas noticias, saúdao atentamente.

Fernando Abad Castelo

EXEMPLO DUNHA CARTA DE AUTOCANDIDATURA

Lucía Pérez Fernández

R/ Lugar da Ferrala, 7 – 4º F

15660. Cambre. A Coruña

Centro Infantil Os Ananiños

Rúa do Vilar, 1

15706 Santiago

A Coruña, 7 de outubro de 2012

Estimados Señores:

Unha vez rematados os meus estudos de Técnico Superior de Educación Infantil, busco un emprego onde aplicar dun xeito práctico os coñecementos adquiridos.

No último ano de estudos realicei prácticas no Centro Infantil Lapiceiros, durante nove meses, onde recibín unha boa formación en atención e coidado infantil. Estou moi interesada en traballar no ámbito da educación infantil e atención á infancia na súa entidade. Coa miña especialización académica e a experiencia adquirida nas prácticas, ademais da motivación que me supón poder traballar nun centro pioneiro

neste sector, considero estar en condicións de poder desenvolver dun xeito eficaz este traballo.

Resultaríame moi grato poder ter ocasión de amosar as miñas aptitudes na súa empresa, polo que solicito a posibilidade de concertar una entrevista na que poder falar con máis detalle sobre aqueles aspectos do meu perfil que poidan ser do seu interese.

Á espera de poder contactar con vostedes, saúdalles atentamente,

Asdo.: Lucía Pérez Fernández